

R.R. do 5 de setembro de 2023 pola que se publica a listaxe definitiva de axudas concedidas na convocatoria de axudas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24, no Campus de Ourense

Por Resolución reitoral do 28 de xullo de 2023 publicouse a listaxe provisoria de axudas concedidas na convocatoria de axudas para organizar os obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24.

Transcorrido o prazo previsto para a presentación de alegacións, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar a listaxe definitiva de axudas concedidas na convocatoria de axudas para a organización de obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso 2023/24, no Campus de Ourense (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reitor
P.D. (R.R. do 22/6/2022; D.O.G. do 6 de xullo)
O vicerreitor do Campus de Ourense



Anexo I

Listaxe definitiva de axudas concedidas

Solicitante	Título obradoiro	Importe solicitado	Importe concedido
Almudena Alonso Ferreiro	Novas linguaxes e ferramentas Maker para educación	1.500	1.428
Lucía Casal de la Fuente	Entender a música dende o canto	1.500	1.428
María Fraga Corral	Educación na natureza	1.500	1.428
Stuart John McNicholls	Mindfulness e benestar	1.200	1.143
María Lameiras Fernández	Grupo de crecemento persoal e empoderamento para mulleres	1.200	1.143
Brais Lorenzo Couto	Fotografía, novas ferramentas para contar a través das imaxes	1.500	1.428
Ana María Torrado Agrasar	Educación a través da danza e a expresión corporal	1.500	1.428
María del Carmen Verde Diego	Ferramentas de dinamización e participación comunitaria: saúde e benestar. Redución das desigualdades	1.127	1.073

